







A Circulación xeral atmosférica está provocada tanto pola diferenza térmica existente entre o Ecuador e os Polos como pola rotación da terra. O aire cálido ecuatorial tende a desprazarse ós Polos , creando os ventos, afriándose no proceso, e volvendo de novo. Isto xera un transvase constante de enerxía . Nas latitudes medias, o choque entre masas cálidas e frías provoca as catro estacións


## Patrones Globales de Viento



Pola súa posición xeográfica, a Península situase na área de latitudes medias do hemisferio norte, unha área dominada polos ventos do oeste, de influencia mariña



## Vientos dominantes na Península





PRINCIPALES CENTROS DE ACCIÓN TERMODINÁMICA


## 4. Tempo do oeste. Paso de frentes





En *altura*, a corrente en chorro circula con traxectoria zonal. En *superficie* dá lugar ao tempo do oeste, caracterizado pola sucesión de borrascas atlánticas e frentes. Esta situación é máis frecuente nas *estacións equinocciais* e no *inverno*, e provoca temperaturas suaves e precipitacións; sobre todo, no oeste peninsular. Estas diminúen cara ao leste, pola anchura peninsular e a protección do relevo. No *verán*, esta situación incide na fachada cantábrica, descenden as temperaturas e chove.



Forecast chart (T+12)  
Valid 1200 UTC Tue 04 Feb 2014



## 7. Gota fría. Precipitacións intensas





En *altura*, a corrente en chorro debuxa sobre a Península unha profunda valgada, que pode chegar a esgazarse do chorro principal xerando unha borrasca sobre as costas mediterráneas, cantábricas e o sueste ou sur peninsular. Esta borrasca, de aire moi frío, descende ata o solo e obriga a ascender violentamente o aire cálido e húmido das capas baixas. Isto provoca fortes precipitacións, ás veces torrenciais, que poden ser catastróficas. Esta situación dáse no *outono*, xa que despois do verán a auga do mar está máis cálida e son máis frecuentes as irrupcións de aire frío en altura.

ÁREA MEDITERRÁNEA (comezos do outono)



## 8. Tempo cálido e estable



En *altura*, a corrente en chorro circula con traxectoria zonal alta en latitude. En *superficie*, o anticiclón das Azores canaliza o aire Tm no verán e ocasiona tempo caloroso e seco no interior; e no litoral, caloroso e abafante pola humidade. As altas temperaturas provocan o quentamento e o ascenso do aire, pero non chove polas altas presións en altura. No *inverno*, este anticiclón causa néboas de irradiación ou xeadas no interior. Durante as demais *estacións* soben as temperaturas e vai sol.

ANTICICLÓN DAS AZORES (verán)